

Tema: Ter diabetes non é...

1/2

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

Ás veces oímos cousas que non son de todo certas, pero dinas tantas persoas, ou persoas que saben moito, que acabamos por crelas.

Outras veces vemos cousas que nos levan a conclusións equivocadas:

Andrea é de pel negra, por iso sei que naceu en África (pode que nacera na mesma cidade ca ti, pero que sexa negra porque o seu avó veu de Cuba, que é un país onde hai bastantes persoas de cor, pero que non está en África, senón en América).

Como Harold é estranxeiro creo que veu ao noso país porque a súa familia era moi pobre (pode que o seu pai sexa unha persoa moi importante e que o fixesen director dunha fábrica que está aquí e que por iso viñeron).

Como Luísa é moi alta, seguro que ten un ano máis e repetiu curso porque é pouco intelixente (hai persoas que son especialmente altas).

Algunhas das cousas que pensaban as persoas que coñecen a Carol sobre a súa diabetes eran:

- Que a diabetes se contaxia.
- Que Carol non podía facer deporte.
- Que Carol era máis débil que os demais.
- Que Carol era drogadicta (porque se picaba).
- Que a Carol lle ían pasar cousas malas (ía quedar cega ou mesmo que ía morrer pronto).

Actitudes e valores

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Ter diabetes non é...

2/2

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

Pero fíxate que, **aínda que ningunha desas cousas é certa**, se comportaban con ela coma se realmente o fosen.

- Xoán pensaba que Carol lle podía contaxiar a diabetes, por iso procuraba non xogar con ela no recreo.
- O profe de educación física supoñía que Carol non podía facer deporte, por iso lle esixía menos que aos demais.
- A nai de Carol imaxinaba que a súa filla era máis débil que os demais, por iso lle permitía todos os caprichos.
- Luísa cría que, como se picaba, Carol era unha drogadicta, por iso deixou de ser a súa amiga.
- Rosa, a mellor amiga de Carol, estaba convencida de que á súa compañeira lle ían pasar cousas moi malas e por iso estaba moi triste.

**ESPERO QUE A TI NON CHE ACONTEZA NADA DISO.
SE TES DÚBIDAS, PRECÚNTALLE A QUEN SAIBA.**